



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33

EDICTO

No Decreto número 1069/2020 con data 17.09.2020 aprobouse a planificación de actividades culturais e deportivas que se desenvolverán dende outubro de 2020 ata xuño de 2021, tendo en conta que estas poderían ser modificadas, ampliadas ou incluso reducidas, atendendo á normativa e medidas vixentes en cada momento do COVID-19.

Para realizar as preinscricións as persoas interesadas teñen de prazo do 21 ao 25 de setembro de 2020, tal como se especifica nas bases que se recollen no presente edicto que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de Bergondo, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do concello (bergondo.gal).

CONSIDERRACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Contrato administrativo de adxudicación de servizos, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de valoración, para a *Prestación de actividades culturais e deportivas do Concello de Bergondo*, asinado o día 2.11.2016, prorrogado por un ano mais por acordo do pleno municipal, en sesión ordinaria do 25.10.2018, e prorrogado por un ano máis na sesión extraordinaria da Xunta de goberno local do 16.10.2019.
2. A traballadora do servizo cultura-deportes realiza o informe-proposta de actividades culturais e deportivas e das bases que rexerán estas actividades, co enterado e conforme da concelleira de cultura, ensino e desenvolvemento económico e do concelleiro dos servizos de xuventude e deportes, con data 17.09.2020.

Atendendo as actividades que se realizaron no curso escolar 2019/20, á demanda dos veciños e veciñas do concello, e as circunstancias actuais excepcionais da crise sanitaria provocada polo COVID-19 e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a planificación de actividades que constan no informe antedito da traballadora do servizo de cultura e deportes deste concello, Josefina Maestu Almeida, e que se transcriben a continuación, tendo en conta que estas poderían ser modificadas, ampliadas ou incluso reducidas, atendendo á normativa e medidas vixentes en cada momento do COVID-19.

1. ACTIVIDADES CULTURAIAS

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	IDADE	DÍAS	HORARIO	N.º DE PRAZAS	COTA
Encaixe de bolillos e	Biblioteca A Senra	+ 12	Venres	18.30-20.30 h	Mínimo 6 e máximo	32,40



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33

labores: grupo 1		anos			9	
Encaixe de bolillos e labores: grupo 2	Centro Social de Lubre-aula grande	+ 12 anos	Venres	16.00-18.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	32,40
Encaixe de bolillos e labores: grupo 3	Centro Social de Guísamo	+ 12 anos	Luns	16.00-18.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	36,00
Corte e confección: arranxos, patronaxe... Grupo 1	Centro Social de Santa Marta	+ 14 anos	Mércores	16.30-18.30 h	Mínimo 6 e máximo 8	32,40
Corte e confección: arranxos, patronaxe... Grupo 2	Centro Social de Santa Marta	+ 14 anos	Xoves	16.30-18.30 h	Mínimo 6 e máximo 8	32,40
Pandeireta e coro	Auditorio da Senra	+ 8 anos	Luns	18.15-19.15 h	Mínimo 6 e máximo 9	18,00
Música tradicional. Grupo 1: nivel inicial	Auditorio da Senra	+ 8 anos	Luns	19.30-20.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	18,00
Música tradicional. Grupo 2: nivel medio avanzado	Auditorio da Senra	+ 11 anos	Luns	20.45-21.45 h	Mínimo 6 e máximo 9	18,00
Artes plásticas	Local de Xuventude	+ 12 anos	Sábados	10.00-12.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	32,40
Fotografía dixital e retoque dixital	Aula informática e entorno da Senra	12-17 anos	Venres	18.00-20.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	32,40

2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	IDADE	DÍA/S	HORARIO	N.º DE PRAZAS	COTA
Prevenção de danos músculo esqueléticos: grupo 1	Centro Social de Lubre	+ 55 anos	Luns	10.00-11.00 h	Mínimo 4 e máximo 8	12,60
Prevenção de danos músculo esqueléticos: grupo 2	Centro Social de Cortiñán	+ 55 anos	Martes	10.00-11.00 h	Mínimo 4 e máximo 8	12,60
Prevenção de danos músculo esqueléticos: grupo 3	Centro Social de Vixoi	+ 55 anos	Mércores	10.00-11.00 h	Mínimo 4 e máximo 9	12,60
Prevenção de danos músculo esqueléticos: grupo 4	Casa da Cultura	+ 55 anos	Venres	10.00-11.00 h	Mínimo 4 e máximo 9	12,60
Prevenção de danos músculo esqueléticos: grupo 5	Pavillón de Guísamo	+ 55 anos	Venres	10.00-11.00 h	Mínimo 4 e máximo 9	12,60
Andainas polo concello	Diferentes parroquias	+ 5 anos	Sábados	10.00-11.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	Gratuitas
Marcha nórdica e condición física	Pavillón de Guísamo	+ 18 anos	Martes e xoves	10.00-11.15 h	Mínimo 6 e máximo 9	31,50
Ximnasia de mantemento nas parroquias: grupo 1	Centro Social de Lubre	+40 anos	Martes e xoves	18.00-19.00 h	Mínimo 4 e máximo 6	25,20
Ximnasia de mantemento nas parroquias: grupo 2	Pavillón de Guísamo	+40 anos	Luns e mércores	17.00-18.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	26,60
Ximnasia de mantemento nas parroquias: grupo 3	Centro Social de Vixoi	+40 anos	Martes e xoves	18.45-19.45 h	Mínimo 4 e máximo 6	25,20
Ximnasia de mantemento: intensidade baixa	Ximnasio da Casa da Cultura	+16 anos	Luns e mércores	19.00-20.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	26,60
Ximnasia de mantemento para +50 anos. Grupo 1: intensidade baixa	Ximnasio da Casa da Cultura	+50 anos	Martes e xoves	17.30-18.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	25,20
Ximnasia de mantemento para +50 anos. Grupo 2: intensidade media-alta	Ximnasio da Casa da Cultura	+50 anos	Martes e xoves	19.00-20.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	25,20



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33

Fitness dance (actividade de baile)	Ximnasio da Casa da Cultura	+ 55 anos	Mércores	17.00-18.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	17,10
Zumba, intensidade media alta: grupo 1	Ximnasio da Senra	+16 anos	Martes e xoves	10.00-11.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	34,20
Zumba, intensidade media alta: grupo 2	Pavillón de Guísamo	+16 anos	Sábado	10.30-11.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	17,10
Zumba, intensidade media alta: grupo 3	Pavillón de Guísamo	+16 anos	Martes e xoves	20.30-21.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	34,20
Taichí, grupo 1: nivel inicial	Ximnasio da Senra	+18 anos	Luns e mércores	18.45-20.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	45,13
Taichí, grupo 2: nivel medio-avanzado	Ximnasio da Senra	+18 anos	Luns e mércores	20.30-21.45 h	Mínimo 6 e máximo 9	45,13
Ioga	Ximnasio da Senra	+16 anos	Martes e xoves	18.45-20.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	42,75
Ioga	Ximnasio da Senra	+18 anos	Martes e xoves	20.30-21.45 h	Mínimo 6 e máximo 9	42,75
Pilates: grupo 1	Ximnasio A Senra	+16 anos	Luns e mércores	10.00-11.00 h	Mínimo 6 e máximo 9	26,60
Pilates: grupo 2	Pavillón de Guísamo	+16 anos	Luns e mércores	20.30-21.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	26,60
Pilates : grupo 3	Ximnasio A Senra	+16 anos	Sábados	10.30-11.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	21,38
Ritmos latinos individual: iniciación	Pavillón de Guísamo	+14 anos	Venres	17.30-18.45 h	Mínimo 6 e máximo 9	21,38
Ritmos latinos individual: avanzado	Pavillón de Guísamo	+14 anos	Venres	19.15-20.30 h	Mínimo 6 e máximo 9	21,38

Segundo.- Aprobar as Bases que rexerán esta convocatoria, que son as seguintes:

As presentes actividades culturais e deportivas, por motivo da crise sanitaria que estamos a padecer, organizaranse soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo. Estas comezarán o 19 de outubro, sempre que as medidas da normativa vixente do COVID-19 o permitan.

1. Prazo de presentación de solicitudes: do 21 ao 25 de setembro de 2020.

Horarios e formas de presentación de solicitudes. Poden elixir unha das seguintes opcións:

- Vía E-mail:(**preferente**) dende as 00.00 h do día 21 de setembro ata as 14.00 h do día 25 de setembro no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal (**Actividades Culturais e Deportivas**), nas que se enviará confirmación da solicitude vía e-mail.
- Vía formulario on-line: (**preferente**) dende as 00.00 h do día 21 de setembro ata as 14.00 h do día 25 de setembro na páxina web bergondo.gal.
- Vía telemática (**preferentemente**) a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 21 de setembro ata as 14.00 h do día 25 de setembro.
- Vía presencial: de 9.30 a 14.00 h na Casa de Cultura dende o día 21 ao 25 de setembro (**con cita previa**).

2. Listaxes provisionais: O día 30 de setembro publicaranse na páxina web do concello e na Casa de Cultura os listados provisionais por actividade.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33

3. Prazo de reclamacións: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será os días 1 e 2 de outubro.

4. Sorteio público e publicación listaxes definitivos: Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 5 de outubro de 2020, ás 10.00 h.

Publicaranse as listaxes definitivas das actividades que se desenvolverán e das que non saen por non acadar un mínimo de solicitudes, na Casa de Cultura e na páxina web do concello (bergondo.gal).

5. Prazo de inscricións e pago das actividades: do 7 ao 15 de outubro. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

6. Material: Nas actividades culturais e deportivas as persoas inscritas teñen que levar o seu material.

7. Reducións de cotas:

a) 50% para familias numerosas.

b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.

c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.

d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

8. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos ou pola normativa vixente actual da crise sanitaria COVID-19.

9. O número máximo de persoas por actividade está considerado tendo en conta as circunstancias actuais do COVID-19, no momento de realizar a publicidade das actividades, e ás características das instalacións. Se as medidas sanitarias cambian, os máximos estarán determinados polas instalacións e medidas sanitarias vixentes en cada momento.

10. Teranse en conta, entre outras que poidan recomendarse o xurdir desde as diferentes administracións públicas, as seguintes medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19, para previr a posibilidade de contaxios do coronavirus valorarase pormenorizadamente a posibilidade de participación, seguindo as seguintes medidas:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33

- Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os profesionais a cargo das actividades velarán: pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e tomarase o control da temperatura dos participantes.
- Os proxenitores ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus, ou estivo en contacto con alguna persoa que dese positivo, non acudirá e contactará co servizo de cultura e deportes do concello, na maior inmediatez.

11. Períodos no que non haberá actividades:

- Nadal: dende o día 23 de decembro de 2020 ata o día 10 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.
- Entroido: días 15 e 16 de febreiro de 2021.
- Semana Santa: desde o día 29 de marzo ata o 4 de abril de 2021, ambos inclusive.
- As clases rematarán o día 26 de xuño de 2021.

12. As persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais e deportivas anuais 2020-2021:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
- Autorizan a utilizar as fotos tomadas nas actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos, etc
- De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica

Terceiro.- Publicar estas bases na páxina web do concello, na sede electrónica e nos taboleiros informativos do concello e da Casa da Cultura.

En Bergondo, 17 de setembro de 2020

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) ☎ Telf.: 981 79 12 52 ☎ Fax: 981 79 42 33